

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e dez minutos do día vinte de setembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora accidental, Dna. Mercedes Ocampo Santiago.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 31.08.2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 31 de agosto de 2007.

2.- CONCESIÓN DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE INMOBLES DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.

Tendo en conta os informes da arquitecta técnica municipal de data 03.08.2007 e o da arquitecta da Oficina Municipal de Rehabilitación de data 16.07.2007, obrantes no expediente, así como o ditame favorable da comisión de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial ás seguintes subvencións ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

-Dna. CARMEN AUZ CASTRO (EXPTE. MUG_0906) segundo solicitude de data 9 de xullo de 2007, propietaria da vivenda sita na R/ María nº 37-39, pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 9.000,00 €, para as actuacións sobre elementos comúns.

- D. FRANCISCO DOPICO GARCÍA (EXPTE. MUG_0809) segundo solicitude de data 2 de xullo de 2007, propietario da vivenda sita na R/ Real nº 10, pola contía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 9.000,00 €, para as actuacións sobre elementos comúns.

2.- Conceder aos/ás interesados/as anteriormente relacionados/as a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións de Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugardos.

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. EMILIO CARLOS GARCÍA SÁNCHEZ en representación de Dna. ISABEL IGLESIAS LÓPEZ (EXPTE. 67/2007) segundo solicitude de data 2 de abril de 2007, para colocación de persianas de aluminio en baixo, na Avda. de Galicia nº 28, referencia catastral: 0223303NJ6102S, clasificación do solo: SU-SD (Solo Urbano Semidenso).

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. MARÍA DEL CARMEN DÍAZ SÁNCHEZ (EXPTE. 108/2007) segundo solicitude de data 14 de maio de 2007, para substitución da porta de madeira de entrada ao garaxe por outra metálica da mesma cor, na R/ Os Casás nº 48, referencia catastral: 0916008NJ6101BQ, clasificación do solo: SU-BD (Solo Urbano de Baixa Densidade).

Estarase en todo momento ao disposto pola normativa xeral de Seguridade e Hixiene no traballo e en materia de Prevención vixente.

Segundo o artigo 52 do P.X.O.M., a propiedade, Dirección Facultativa, o contratista ou persoal ás súas ordes serán responsables dos danos que se produzan por falta de precaucións.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. XOANA IGLESIAS TENREIRO (EXPTE. 120/2007) segundo solicitude de data 24 de maio de 2007, para cambio de solados e alicatados de vivenda en plantas baixa e alta e cambio de carpintería interior, en Lugar de O Monte nº 8, referencia catastral: 3016210NJ6131N, clasificación do solo: SNR (Solo de Núcleo Rural).

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

-Dna. CARMEN AUZ CASTRO (EXP. 150/2007) segundo solicitude de data 9 de xullo de 2007, para obras menores, na rúa María nº 37-39, referencia catastral: 0326014NJ6102N.

As actuacións consistirán en:

Pintado da vivenda nas cores especificadas na Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación do Concello de Mugardos.

Reparación de entrepano de madeira na galería de planta 1ª e pintado das galerías da mesma planta así como a substitución de canalóns e baixantes que se protexerán con casco de fundición.

No interior da vivenda realizarase un trasdosado de placa de xeso-cartón nos paramentos do portal e substitución de puntón e entaboado no chan do aseo de planta 1ª.

Os revocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona e a pedra das fachadas será natural da zona en sillares ou chapeados non ostentosos nin brillantes.

As fachadas de medianeira, e as posteriores terán as mesmas consideración estéticas que as fachadas principais.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, RD 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a Execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante RD 833/1988 de 20 de xullo

A instalación de valado de obra, ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

-D. FRANCISCO DOPICO GARCÍA (EXP. 144/2007) segundo solicitude de data 2 de xullo de 2007, para obras de menores de pintado exterior, cambio de baixantes e pintado interior, en R/ Real nº 10, referencia catastral: 0225001NJ6102S0001BE.

As obras consistirán en eliminación de enfoscado dos paramentos interiores e aplicación dun novo enfoscado e posterior pintado, pintado exterior da fachada e limpeza da pedra de dinteis e xambas de planta baixa, substitución de instalación eléctrica adaptada ao REBT, instalación de canalón e baixante para recollida de augas pluviais.

Os revocos terán textura rugosa e cor asimilable á zona e a pedra das fachadas será natural da zona en sillares ou chapeados non ostentosos nin brillantes.

As fachadas de medianeira, e as posteriores terán as mesmas consideración estéticas que as fachadas principais.

Unha vez rematadas as obras deberán presentarse os Certificados e Boletín Técnicos que correspondan ás instalación modificadas.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Producción e xestión de Residuos, RD 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a Execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante RD 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra, ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

B) LICENZAS DE OBRAS MARORES:

-D. CARLOS REY PUENTES (EXPTE. 058/2007) segundo solicitude de data 28 de marzo de 2007, para construción de vivenda unifamiliar, nas Lagoas, referencia catastral: (aportada da finca matriz, a segregación aínda non está catastrada) 0212002NJ6101N0001QW, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado e visado polo C.O.A.G. en data 28.02.2007. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (2.929,08 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (95,10 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de S-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a construción dunha vivenda unifamiliar e a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 95,10 m², dos que se dedica o orzamento segundo se indica:

- a) pavimento continuo aglomerado sobre subbase de zahorra e recheo de 95,10 m²
- b) construción dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Nº de Plantas e Altura	5.75 (B)	7 (b+1)
b) Ocupación	19.72 % e 185.90 m ²	50 % parcela

f) Edificabilidade	0,197 m ² /m ² e 185,90 m ²	0,50 m ² /m ²
g) Voos	Non existen	non permiten
h) Ocupación de voos	Non existen	non permiten
i) Altura mínima de voos	Non existen	non permiten
k) Parcela mínima	942.35 m ²	400 m ²
l) Separación lindeiros	3 m	2 m

O orzamento de execución material da vivenda ascende á cantidade de 70.700,00 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Elia Estraviz Prado e o arquitecto técnico director das obras é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuados os replanteos precisos da vivenda e da fosa séptica. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. Non observar estes extremos, considerarase falta grave.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

- D. JORGE DURÁN PAINCEIRAS en representación de Dna. CLARA MARÍA PAINCEIRAS LÓPEZ (EXPTE. 2/2007) segundo solicitude de data 8 de xaneiro de 2007, para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en A Seaña, referencia catastral: 0514903NJ6101S, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Lara Cuervo Álvarez, e visado polo C.O.A.G. en data 12.12.2006. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (2.028,45 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (40,26 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semidenso.

A finalidade da licenza é a construción dunha vivenda unifamiliar illada, incluídas as obras de acometida de servizos, construción de peche e urbanización da parte de vial público de 40,26 m².

O edificio consta de baixo máis baixocuberta (non accesible) ao que se lle adosa un volume de garaxe vinculado á vivenda.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Uso	vivenda unifamiliar	vivenda unifamiliar
b) Altura máxima	4,70 m. (B)	7,00 m. (B + 1P)
c) Fronte mínimo de parcela	6,00 m.	17,90 m.
d) Parcela mínima	877,00 m ²	300,00 m ²
e) Profundidade máx. edificable	10,95 m.	14,00 m.
f) Distancia máx. de fachada a vial	10,00 m.	6,50 m.
g) Retranqueos laterais mín.	3,00 m.	3,00 m.

h) Superficie útil	135,43 m ²	Non se fixa
i) Pendente máx. de cuberta	30,00 °	30,00 °
l) Altura máx. de cumio	2,27 m.	4,50 m.
m) Altura máx. de testeiros (bc)	0,69 m.	1,80 m.

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 80.220,59 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Lara Cuervo Álvarez, e o arquitecto técnico director das obras é D. Jorge Durán Panceiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

- D. MIGUEL ÁNGEL DÍAZ VILAR (EXPT. 127/2007) segundo solicitude de data 8 de xuño de 2007, para construción de vivenda unifamiliar, en Os Casás, referencia catastral: resultante da agrupación da parcela 0916016NJ6101N e parte da 0916004NJ6101N, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, e visado polo C.O.A.G. en data 09.05.2007. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (876,00 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (21,90 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a construción dunha vivenda unifamiliar e a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 21,90 m², dos que dedica o orzamento segundo se indica:

- a) compactado do terreo con grava e morrillo e tratamento superficial mediante rego monocapa simple, con mestura de areas calcáreas e alquitrán para 21,90 m².

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) N° de plantas e altura	5,75 m. (B)	7,00 m. (B + 1)
b) Ocupación	15 % e 112,70 m ²	50 % da parcela
c) Edificabilidade	0,40 m ² /m ² e 296,00 m ²	0,50 m ² /m ²
d) Voos	non existen	non permite
e) Ocupación de voos	non existen	non permite
f) Altura mínima de voos	non existen	non permite
g) Parcela mínima	731,50 m ²	400,00 m ²
h) Separación a lindeiros	2,50 m	2,00 m ²

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 113.200,00 €.

A arquitecta directora das obras é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Elia

Estraviz Prado, e o arquitecto técnico director das obras é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

4.- EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INSTRUÍDO A D. JOSÉ MANUEL PICALLO FARIÑA.

Visto o expediente de protección da legalidade urbanística (expte. 2B/07) incoado a D. JOSÉ MIGUEL PICALLO FARIÑA, pola realización, na R/ Peteiro nº 4, referencia catastral: 0224109NJ6102S, de obras consistentes na apertura dun pequeno oco na planta baixa, e tres ocos no plano de fachada a nivel de baixo cuberta, sen axustarse á licenza municipal de obras 47/2006.

Atendido que durante o trámite de audiencia outorgado pola Resolución da Alcaldía 265/2007, de 08.05.2007, na incoación do expediente de protección da legalidade urbanística, polo interesado presentouse escrito de alegacións (N.R.Entrada 2.892/24.05.07), e posteriormente entregaron (N.R.Entrada 3.413/19.06.2007) un refundido do proxecto básico e de execución, visado polo C.O.A.G. en data 12.06.2007, para legalización das obras arriba indicadas.

Tendo en conta o informe do arquitecto asesor municipal en materia de urbanismo de data 29.08.2007, do que resulta acreditado que procede a legalización das devanditas obras así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a seguinte legalización de obras:

- D. JOSÉ MIGUEL PICALLO FARIÑA (EXPTE. 47/2006) segundo solicitude de data 19 de xuño de 2007, para apertura dun pequeno oco na planta baixa e tres ocos no plano de fachada a nivel de baixo cuberta, de acordo co proxecto refundido do proxecto básico e de execución, redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, visado polo C.O.A.G. en data 12.06.2007, na R/ Peteiro nº 4, referencia catastral: 0224109NJ6102S.

Segundo.- Dar por rematado o expediente de protección da legalidade urbanística incoado a D. José Miguel Picallo Fariña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, para os efectos oportunos.

5.- ESTUDO DE DETALLE PARA O SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS. SITUACIÓN: RÚA DO CRISTO E RÚA PETEIRO-INSTITUTO. PROMOTOR: PROMOCIÓNS INMOBILIARIAS CONCHADO S.L.: APROBACIÓN INICIAL.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria de data 05.09.07, así como os informes emitidos polo arquitecto asesor municipal, en data 03.09.07, e polo secretario da corporación, en data 10.09.07, obrantes no expediente, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións na R/ do Cristo e R/ do Peteiro - Instituto, promovido por PROMOCIONES INMOBILIARIAS CONCHADO S.L., redactado polos arquitectos D. Álvaro Fernández Carballada, Dna. Beatriz Aneiros Filgueira e D. Pablo M. López Becerra, con data xullo de 2007.

2º.- Someter o expediente a exposición pública polo prazo de vinte días a través da correspondente publicación no D.O.G., e nun dos xornais de maior tirada na Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan formular as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas.

3º.- Acordar a suspensión de licenzas de parcelamento de terreos, edificación e demolición para a área determinada no devandito Estudio de Detalle, debendo publicarse o presenta acordo de suspensión no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia, tal como establece o artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

6.- ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN OU BOMBA URBANA LIXEIRA.

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. VEICAR, S.L., a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar o subministro dun vehículo contra incendios e salvamento de primeira intervención ou bomba urbana lixeira a D. VEICAR S.L., no prezo de 119.500 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.223.0.62400 E 2007.1.223.0.62400 do vixente presuposto, prorrogado do 2006.

3º.- Que se notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de dez días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 4.780 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de quince días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

7.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ESCOLA UNITARIA DO NOVÁS.

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L., unha vez cumprimentado no prazo estipulado o requirimento efectuado pola devandita mesa para susbsanación de documentación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a obra “REHABILITACIÓN DA ESCOLA UNITARIA DE NOVÁS- A PEDREIRA” incluída no Plan de obras municipais 2007, a D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L., no prezo de 109.590,02 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.451.0.63200 do vixente presuposto.

3º.- Que se notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de dez días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 4.383,60 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de quince días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

4º.- Nomear Director Técnico da obra á arquitecta María José García Barreiro, redactora do proxecto.

8.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

A) Visto o escrito presentado pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “SUBSTITUCIÓN DAS TUBERIAS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA XESTEIRA, 3ª FASE”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de CAIXA GALICIA- núm. 560-217 3.262/7-27- por importe de 666,46 euros (SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CUARENTA E SEIS CÉNTIMOS).

B) Visto o escrito presentado pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “RENOVACIÓN TUBERIAS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA RÚA BARCIAS”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL núm. 361/04 por importe de 1.188,28 euros (MIL CENTO OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS).

9.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de

Execución do Orzamento de 2007, prorrogado do 2006, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Provedor e Concepto	Importe
1214	517	2007.0.442.0.22711	L.SECOPE S.A. RECOLLIDA ENSERES PORTA A PORTA, MES XUÑO	4.050,00 €
1376	311	2007.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO, MES XULLO	3.060,29 €
1379	201550226	2007.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 73210 M3 DE AGUA POTABLE,, MES XULLO	11.750,21 €
1380	201550221	2007.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 59.094 M3 DE AGUA POTABLE, MES DE XUÑO	9.484,59 €
1382	2362	2007.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU. PLANTA DE NARÓN, MES XULLO	11.842,41 €
1459	7/2007	2007.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNÁNDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACIÓN 7/2007	12.812,03 €
1460	6/2007	2007.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNÁNDEZ IMPORTE 5% LIQUIDACIÓN 6/2007	9.572,08 €
1477	155	2007.0.611.0.22706	GAINTO, S.L. TRAMITACIÓN DE 105 ALTAS IBI-URBANA	5.351,89 €
1478	8	2007.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNÁNDEZ IMPORTE 5% LIQUIDACIÓN 8/2007	6.988,47 €
1495	MG 07/08	2007.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO DE SERVIZO PÚBLICO ATENCION Á INFANCIA ESCOLA INFANTIL AS LAGOAS,AGOSTO	5.995,47 €
1499	2684	2007.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO R.U PLANTA DE NARÓN, AGOSTO	12.590,65 €
1510	350	2007.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO, AGOSTO	3.060,29 €

2º.- Proceder ao recoñecemento das obrigas seguintes:

Rex.	Fact.	Partida	Provedor e Concepto	Importe
1328	828/07	2007.0.511.0.61100	BEGASUCEGSA ACONDICIONAMENTO DE ESTRADA CASTELO DA PALMA	11.176,00€
1329	829/07	2007.0.511.0.61100	BEGASUCEGSA ACONDICIONAMENTO ESTRADA DE MONTEFARO	15.245,00€

3º.- Ratificar a factura aprobada por Resolución da Alcaldía que se indica a continuación:

RESOLUCION N° 555/2007

<u>Rex.</u>	<u>Fact.</u>	<u>Partida</u>	<u>Proveedor e Concepto</u>	<u>Importe</u>
1332	2007.0.432.0.22706		ALEJANDRO GARCÍA VIROSTA ASESORAMENTO TÉCNICO EN VALORACIÓN E INFORMES DE LICENZAS DE OBRAS	3.480,00€

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e tres minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE